

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 4 DE NOVEMBRO DO 2013.**

=====

No Concello de Cangas, cando son as vinte horas e cinco minutos do día catro de novembro do dous mil trece, previa convocatoria, reúnense os/as seguintes concelleiros/as: D. Bernardino Faro Lagoa, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto e D^a M^a Lucía Lede Fernández, SUPLENTES: D. Jesús Manuel Graña Graña e D. Francisco Javier Soliño Soliño, baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde, D^a Berta Pérez Hernández, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asisten á sesión, o Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar e os concelleiros, D. Rafael Soliño Costas e D. Pío Millán Blanco.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 21 DE OUTUBRO DO 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada en data 21 de outubro do 2013.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

2º.- SOLICITUDES DE NICHOS EN CEMITERIOS MUNICIPAIS.

Vista a solicitude presentada en data 1.10.13 por SERAFÍN SANTOMÉ BASTÓN, DNI nº 35.272.049-P, con enderezo en Praia de Menduíña, nº 54-Aldán, na que demanda a tramitación do correspondente documento no que se lle acredite a cesión administrativa de un nicho sito no bloque N, panteón nº 26-letra B, do Cemiterio do Aldán.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 15.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude do Sr. Santomé Bastón, para concesión de un nicho no Cemiterio do Aldán.

SEGUNDO.- Que polos departamentos correspondentes se proceda á tramitación do correspondente documento de cesión administrativa de un nicho sito no bloque N, panteón nº 26-letra B, do Cemiterio do Aldán.

URBANISMO E VIVENDA

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 31 DE OUTUBRO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 23.972.- A Elena Troncoso Duro, con enderezo en Baixada a Areamilla, nº 22-Darbo, para no referido lugar, legalizar a reformar a cuberta en 20,70 m2., de conformidade co proxecto visado o 6 de agosto do 2.013. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se lle aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose

de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

Unha vez concedida a licenza deberá comprobarse polos servizos de inspección que esta subsana os actos non abeirados en licenza que foron obxecto do expediente de restauración da legalidade nº 18/2012, no cal se ordenaba a demolición, procedendo, no seu caso, ó arquivo do expediente de restauración previo informe do arquitecto municipal.

EXPEDIENTE Nº 24.707.- A Lino Manuel Pérez Ferradás, con enderezo en Rúa República Argentina, nº 19-3ºE-Vigo, para en Rúa San Cibrán-Aldán, repoñer o material de cubrición en 56,00 m²., de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.714.- A Marta Sio Costas, con enderezo en Trav. de Vigo, nº 207-3ª porta, nº 75-Vigo, para en Nerga-O Hío, construír un cerramento de 51,60 metros de lonxitude por 0,70 m. de alto, con cancela incluída da mesma altura, de conformidade coa documentación presentada e informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 14 de outubro do 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.798.- A "GAS GALICIA S.D.G. S.A.", con enderezo en Trav. de Vigo, nº 204-Vigo, para en Rúa Enseñanza, nº 68-Darbo, executar unha canalización de 2,00 m²., para gas natural, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verano, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestructuras afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de TRESCENTOS (300,00) euros, para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Debrerase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

EXPEDIENTE Nº 24.799.- A "GAS GALICIA S.D.G. S.A.", con enderezo en Trav. de Vigo, nº 204-Vigo, para en Barrio das Frores, nº 23-Darbo, executar unha canalización de 2,00 m2., para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verano, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de TRESCENTOS (300,00) euros, para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

EXPEDIENTE Nº 24.800.- A "GAS GALICIA S.D.G. S.A.", con enderezo en Trav. de Vigo, nº 204-Vigo, para en Praza de San Xoan, nº 4-Cangas, executar unha canalización de 0,80 m2., para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verano, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de TRESCENTOS (300,00) euros, para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o

concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Debrerá axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederáse por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

3.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 20.556.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR CARMEN SANTOS PARCERO.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación, con data 25 de outubro do 2013, acordou outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Carmen Santos Parcero, con enderezo en Outeiro, nº 10-Balea-Darbo, para vivenda sita en Rúa Arco, nº 9-Cangas, construída ó abeiro da licenza municipal Nº 20.071.

3.A.4) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 20.542.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR DAVIDE BARATTO.

A Xunta de Goberno Local visto o informe-comprobación, emitido ó respecto pola Arquitecta da Oficina de Rehabilitación, con data 25 de outubro do 2013, acordou deixar este expediente sobre a mesa, pendente de mellor estudo.

4º.- INFORME DA OFICINA DE REHABILITACIÓN S/REMATE E PECHE DA 9ª FASE (CADRO DAS APORTACIÓNS DE FOMENTO E CONSELLERÍA E CONTÍA REAXUSTADA DE REHABILITACIÓNS E URBANIZACIÓN DA ÁREA 9ª FASE-OBXECTIVOS 2010).

Dase conta de informe emitido en data 25.10.13 pola Oficina de Rehabilitación, referente ó remate e peche da 9ª fase (cadro de aportacións de Fomento e consellería e contía reaxustada de rehabilitacións e urbanización da Área 9ª fase-Obxectivos 2010), que di o seguinte:

"INFORME

FEITOS QUE MOTIVAN O INFORME:

REMATE E PECHER DA 9ª FASE.- CADRO DAS APORTACIÓNS DE FOMENTO E CONSELLERÍA, ASÍ COMO, A CONTÍA REAXUSTADA DE REHABILITACIÓNS E URBANIZACIÓN DA ÁREA 9ª FASE- OBXECTIVOS 2010.

INFORME QUE EMITE:

Primeiro.- Que en data 29.04.2011 asínase o convenio da Comisión Bilateral relativa á Área de Rehabilitación Integral del Casco Histórico de Cangas-9ª Fase, na Comunidade Autónoma de Galicia (Plan Estatal de Vivienda e Rehabilitación 2009-2012 - Período 2010), no que se concedeu actuacións para 27 vivendas.

Segundo.- Ningunha das solicitudes recibidas foi excluída.

Terceiro.- Para os Obxetivos 2010-9ª Fase, foron aceptadas 21 actuacións, ao día da data, das 21 actuacións tramitadas ó remate da fase cumpriron obxectivos e remataron 20 actuacións e 1 expediente renunciou por motivos familiares dos propietarios.

Cuarto.- A contía reaxustada das 20 actuacións xustificadas ascenden á cantidade de OITENTA E UN MIL DOUSCENTOS OITENTA E NOVE CON SESENTA E OITO (81.289,68) euros, correspondentes á aportación da Xunta e OITENTA E UN MIL DOSUCENTOS OITENTA E NOVE CON SESENTA E OITO (81.289,68) euros, correspondentes á aportación do Ministerio de Vivenda.

A contía reaxustada das actuacións en urbanización e reurbanización ascenden á cantidade de DEZASEIS MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SETE CON NOVENTA E TRES (16.257,93) euros, correspondentes á aportación da Xunta e DEZASEIS MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SETE CON NOVENTA E TRES (16.257,93) euros, correspondentes á aportación do Ministerio de Vivenda.

(ACHÉGASE TÁBOA PECHER 9ª FASE- OBXECTIVOS 2010).

O orzamento total protexido para as 27 actuacións aceptado pola Consellería de Vivenda e Solo era de UN MILLÓN DOUSCENTOS CINCUENTA E CATRO MIL SETENTA E OITO CON CINCUENTA E DOUS (1.254.078,52) euros, para rehabilitación é de CENTO VINTE E CINCO MIL (125.000,00) euros, para urbanización e reurbanización, o investimento privado supera o orzamento protexido aceptado pola consellería, que ascende á cantidade de NOVECENTOS OITENTA E CATRO MIL SETENTA E OITO CON CINCUENTA E DOUS (984.078,52) euros."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da Oficina de Rehabilitación, referente ó remate e peche da 9ª fase (cadro de aportacións de

Fomento e consellería e contía reaxustada de rehabilitacións e urbanización da Área 9ª fase-Obxectivos 2010).

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

5º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PRÓRROGA DE CONTRATACIÓN DE AXENTE DE DESENVOLVEMENTO LOCAL.

Vista a proposta de data 30.10.13 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de subvención para prórroga de contratación de axente de desenvolvemento local, que di o seguinte:

"PROPOSTA

As directrices europeas sobre o emprego recollen a importancia da creación de postos de traballo a nivel local e bosquexan unha estratexia de implicación de toda a sociedade nese empeño.

Para que as administracións locais actúen como impulsoras da creación de emprego, creouse a figura subvencionada do axente de emprego e desenvolvemento local, para realizar tarefas de promoción de actividades, prospección de mercados e asesoramento de proxectos de empresa.

Co motivo de incorporar esta figura á oferta de servizos municipais, creouse en decembro do ano 1999 a Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local, configurándose como un centro de referencia a nivel local para a programación e planificación de accións formativas, asesoramento a desempregados, emprendedores e empresas, estímulo do espírito emprendedor, e apoio á economía social e ó autoemprego.

Desde a súa creación, a Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local, ven desenvolvendo as súas tarefas con efectividade, entre as que destacamos:

- Asesoramento para a creación de empresas.*
- Solicitude de axudas e subvencións para emprendedores e empresas.*
- Promoción do espírito emprendedor.*
- Xestión de programas de mellora da empregabilidade: programas de cooperación, etc.*
- Convocatoria, tramitación e concesión de axudas municipais para a creación de empresas.*

- Deseño de estudos , informes e programas de fomento do emprego e a formación.

- Orientación laboral a desempregados.

Para que este servizo continúe realizando o seu labor, contando coa subvención da Consellería de Traballo e Benestar é necesaria a solicitude dunha axuda, ó abeiro da Orde do 4 de outubro do 2013 da mencionada consellería.

Por todo isto, a concelleira de Turismo, Emprego, Consumo, Comercio e Industria, Dña. Berta Pérez Hernández, propón á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

a) Solicitar subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2013, no ámbito da colaboración coas entidades locais, segundo se establece na Orde do 4 de outubro do 2013, da Consellería de Traballo e Benestar.

b) Comprometerse a incluír partida orzamentaria nos orzamentos xerais do vindeiro exercicio, na que figure unha cantidade que permita cubrir o importe correspondente á achega municipal para a contratación deste técnico, que se estima por importe de VINTE E CATRO MIL SEISCENTOS CINCUENTA E TRES CON CORENTA E SEIS (24.653,46) euros."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de subvención para prórroga de contratación de axente de desenvolvemento local.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

6º.- SOLICITUDES VARIAS DE SINALIZACIÓN.

6.A) INFORME DO DEPARTAMENTO DE XESTIÓN DE INGRESOS S/CAMBIO DE TITULARIDADE DE SINAL DE PASAXE PERMANENTE.

Visto o informe emitido en data 29.10.13 polo Departamento de Xestión de Ingresos, referente a solicitude de cambio de titularidade de sinal de pasaxe permanente, que di o seguinte:

"INFORME DO DEPARTAMENTO DE XESTIÓN DE INGRESOS

ASUNTO: SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE PLACA DE PASAXE PERMANENTE N°784.

Luis Gaspar González, con NIF 35.973.385-M e con enderezo en rúa Portela, nº38-36205-Vigo, presenta escrito con data 19 de xuño do 2013, no que

solicita o cambio de titularidade da placa número 784 (DEBE FIGURAR a nome de COMUNIDADE DE PROPIETARIOS LONGÁN, 30 co CIF H94015344 e enderezo en RÚA ALDEA DE ARRIBA, N° 30 (LONGÁN)-COIRO).

Con data 31 de marzo do 2010 e a solicitude do interesado, a X.G.L. autoriza pasaxe permanente (placa n° 784).

PROPOSTA: CAMBIO DE TITULARIDADE da placa de pasaxe permanente n°784, a nome de COMUNIDADE DE PROPIETARIOS LONGÁN, 30, co CIF H94015344 e enderezo en RÚA ALDEA DE ARRIBA, N° 30 (LONGÁN)-COIRO."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido polo Departamento de Xestión de Ingresos, acorda autorizar o cambio de titularidade do sinal de pasaxe permanente n° 784, concedido pola Xunta de Goberno Local de data 31 de marzo do 2010, a Luis Gaspar González, quedando autorizado á seguinte comunidade de propietarios:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
COMUNIDADE DE PROPIETARIOS LONGÁN, 30 CIF N° H-94.015.344	Aldea de Arriba, n° 30-Longán-Coiro.	Aldea de Arriba, n° 30-Longán-Coiro. A instalación do sinal realizarase na entrada do garaxe sita no lateral do edificio.

6.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN HORIZONTAL EN RÚA MESTRE CARBALLO.

Examinado o informe emitido en data 29.10.13 pola Policía Local, referente a sinalización horizontal en Rúa Mestre Carballo, que indica o seguinte:

"Rex. 2502/13.

ASUNTO: PINTADO DE LIÑA AMARELA FRONTE A SAÍDA DO GARAXE DO EDIFICIO DA R/MESTRE CARBALLO, N° 9, NA R/ MARÍA SOLIÑO.

Os policía locais de Cangas, con NIP 052006 e 052023 , por medio do presente, informan:

Que a instancia de MARÍA DEL CARMEN OLIVEIRA CHAPELA, veciña de Cangas, con enderezo na R/ Mestre Carballo, n° 9, na que solicita o pintado dunha liña amarela fronte a saída do garaxe do seu edificio, sito en R/ María Soliño, debido aos atrancos que a cotío se atopan, achegados ata o lugar indicado, non observan inconveniente en acceder ao solicitado, xa que debido ao estreito da rúa, o feito de estacionar un vehículo enfronte a citada entrada,

obstaculizaría a entrada e maila saída aos vehículos que fan uso do referido garaxe. Indicar que o referido garaxe xa conta con sinal de pasase permanente. Achégase reportaxe fotográfico ao respecto."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local, referente a sinalización horizontal en Rúa Mestre Carballo.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada e ós departamentos de Oficina Técnica Municipal e de Xestión de Ingresos Municipal.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

7º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS.

7.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO AUTO DE DATA 26.09.2013 DICTADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 362/2012.

_____Dase conta de proposta da Alcaldía de data 28.10.13, referente a auto dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, no procedemento abreviado nº 362/2012, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO AUTO DE DATA 26.09.2013 DICTADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 362/2012 (X-12/40).

Visto o auto dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 no Procedemento Abreviado nº 362/2012, instruído a instancia de dona Noelia Fonseca Rodríguez sobre devolución de ingresos (ICIO e taxa por licenza urbanística).

Visto que dito auto archiva o expediente e homologa a transacción xudicial pola que o Concello de Cangas reconece a súa obriga de aboarlle á reclamante o importe dos xuros xerados polo principal, aboado no seu día á interesada, que se fixa en contía de 421,54 €, obrigándose o concello ao abono de dita suma.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento do Auto de data 26.09.2013 dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 no Procedemento Abreviado nº

362/2012, instruído a instancia de Noelia Fonseca Rodríguez sobre devolución de ingresos.

Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de CATROCENTOS VINTE E UN CON CINCUENTA E CATRO (421,54) EUROS, en concepto de xuros a favor de dona Noelia Fonseca Rodríguez.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ós departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a auto dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, no procedemento abreviado nº 362/2012.

7.B) DAR CONTA DE SENTENZA DICTADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 508/2011.

_____Dase conta de sentenza nº 199/2013 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no Procedemento Ordinario nº 508/2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Quedar informada da sentenza nº 199/2013 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no Procedemento Ordinario nº 508/2011.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó departamento de Urbanismo.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as vinte horas e corenta minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.